

## UGT-GALICIA CELEBRA O VINDEIRO XOVES O SEU 5º COMITÉ NACIONAL EN SANTIAGO

**Redacción.-** UGT-Galicia celebrará o vindeiro día 25 en Santiago o seu 5º Comité Nacional no que se debaterá sobre a situación actual e sobre cuestións internas do Sindicato, ademais, faranse propostas de cara aos vindeiros meses en ambos contextos.

Lembrar que o Comité Nacional é o máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos e que forman parte do mesmo a Comisión Executiva de UGT-Galicia así como unha representación de cada unha das tres federacións de nacionalidade e das unións comarcais do Sindicato nesta Comunidade.



### O SMI TEN ROSTRO DE MULLER E DE PERSOA NOVA

## ASINADO O ACORDO PARA A SUBIDA DO SMI

*É eficiente, impulsa o consumo e o emprego e resulta clave na redistribución da riqueza*

**Redacción.-** UGT, CCOO e Goberno asinaron este mércores, froito do diálogo social, o Acordo para a subida do SMI.

Así, o Salario Mínimo Interprofesional incrementárase nun 5% tras alcanzarse un acordo entre Goberno e Sindicatos, situándose en 1.134 euros ao mes, en 14 pagas, o que supón un incremento mensual de 54 euros. A partir de agora, e grazas a un acordo bipartito, as rendas máis vulnerables deste país verán mellorado o seu salario de forma inmediata.

O SMI converteuse nunha ferramenta esencial para dignificar a capacidade de compra de máis de dous millóns e medio de fogares españois. Desde que o SMI alcanzou o limiar dos 1.000 euros, hai apenas dous anos, e os sucesivos incrementos posteriores ata os 1.080 euros do ano 2023, experimentouse un maior gasto das familias que reactivou a creación de emprego e aumentaron os beneficios empresariais.

Tal e como marca o Estatuto dos Traballadores no seu artigo 27, o Go-



berno debe fixar cada ano a contía do SMI tras oír aos axentes sociais. Desde UGT valoramos de forma moi positiva este aumento, que impedirá que ningunha persoa, cunha xornada completa de 40 horas á semana, poida cobrar menos de 15.876 euros este ano.

En xuño do ano 2021 o Goberno de España ratificou a Carta Social Europea revisada, na cal se indica que o SMI de cada país debe ser, como mínimo, o 60% do salario medio de cada país. UGT agarda que o SMI continúe avanzando na senda deste 60%.

# OS BOMBEIROS COMARCAIS ABANDONAN A CONCENTRACIÓN DO OBRADOIRO E AGARDAN QUE A PRÓXIMA REUNIÓN SEXA FRUCTÍFERA

*Se na xuntanza da semana que ven non se avanza, continuarán as mobilizacións*

**Redacción.-** Os bombeiros comarcais abandonaron este xoves a concentración que mantiñan dende o 15 de decembro na Praza do Obradoiro para facer visibles as súas reivindicacións, co seu obxectivo cumprido, xa que achegaron ao conxunto da cidadanía estas demandas que pasan, basicamente, por máis persoal para cada un dos parques comarcais, melloras salariais e melloras nas condicións laborais en termos xerais, é dicir, poñer fin á precariedade que sofren.

Antes do comezo da campaña electoral había programadas cinco manifestacións e as dos días 20 e 22 veñen de ser suspendidas porque o comité de folga acaba de recibir unha convocatoria para unha xuntanza coas administracións implicadas para o vindeiro xoves.

Este comité pon as súas esperanzas nesta reunión para que se convirta nun bo punto de partida para arranxar un conflito que xa arrastra unha folga dende hai máis de sete meses.

Non obstante, estase nunha situación de calma tensa porque, se as administracións non dan un paso cara adiante na resolución das demandas dos bombeiros comarcais galegos, o conflito continuará e será retomado o calendario de mobilizacións.

Os bombeiros comarcais agradecen o apoio e comprensión da veciñanza de Santiago nestes días de concentración no Obradoiro. Agradecemos que fan estensible aos traballadores e traballadoras do edificio de Raxoi e á Policía local do Concello.

## 664 PERSOAS MORRERON POR ACCIDENTE DE TRABALLO ATA NOVEMBRO DE 2023

*'O Contador da Vergoña', ferramenta de UGT para visibilizar os accidentes mortais, segue aumentando e o sindicato calcula que 2023 pechará con máis de 700 mortes*

**Redacción.-** Apréciase un leve descenso dos accidentes con baixa ocorridos durante a xornada laboral. Isto pode deberse, entre outras cuestións, ao menor número de casos de COVID-19 cualificados como accidente de traballo, especialmente nas actividades sanitarias e de servizos sociais. Tamén é certo que os accidentes mortais descendieron en comparación cos rexistrados ata novembro de 2022, tamén influído porque en 2022 morreron 21 traballadores no naufraxio do pesqueiro galego nas augas de Terranova.

Este descenso dos accidentes de traballo non é suficiente. Nun país como o noso non podemos ignorar a secuela que supón a sinistralidade laboral. Urxe levar a cabo actuacións inmediatas que poñan fin a esta situación.

### Aumentar os recursos da Inspección e da Fiscalía

Debe cumprirse rigorosamente coa lexislación en materia de prevención de riscos laborais nas empresas para evitar accidentes, xa que en algo máis dun terzo dos accidentes de traballo ocorridos durante a xornada laboral que se rexistraron en 2022 non se realizou avaliación de riscos. Isto é un asunto grave que indica unha falta de cumprimento da

normativa, polo que, UGT reclama un aumento de recursos humanos e materiais tanto para a Inspección de Traballo, para que controle o cumprimento das normas, como para a Fiscalía de Saúde Laboral, para que investigue e depure responsabilidades.

O sindicato insta ao Ministerio de Traballo a que abra urxentemente a Mesa de Diálogo Social en materia de prevención de riscos laborais á que se comprometeu na lexislatura anterior. Este compromiso foi anunciado durante a firma da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 e non pode demorarse máis. Os traballadores e traballadoras seguen morrendo e accidentándose polo simple feito de tentar gañarse a vida.

Nesta mesa debe negociarse, de forma inmediata, un Plan de Choque contra a sinistralidade laboral. Entre as materias que debe incluír, non poden faltar os riscos psicosociais, que están relacionados coa primeira causa de morte por accidente laboral no noso país, que son os infartos e derrames cerebrais.



### Realizar cambios normativos

Ademais, UGT considera necesario realizar cambios normativos para adecuar a lexislación en materia preventiva ás novas realidades do mundo do traballo, así como mellorar a xestión preventiva e acabar coa mercantilización dos servizos de prevención.

Por último, o sindicato continúa reivindicando a creación dunha figura similar á do delegado/a territorial de prevención de riscos laborais a nivel estatal, xa que é unha realidade que os centros de traballo sindicalizados son centros máis seguros. A creación desta figura axudaría a mellorar a PRL nas PEMES do noso país que non teñen representación sindical.

# A REFORMA DA GOBERNANZA ECONÓMICA EUROPEA PON EN RISCO O INVESTIMENTO E O GASTO SOCIAL

**UGT rexeitará calquera acordo que afiance a austeridade e fai un chamamento a favor dunhas normas xustas e realistas**

**Redacción.-** O pleno da Eurocámara apoiou con 431 votos a favor, 172 en contra e 4 abstencións o mandato negociador, o que permitirá iniciar as negociacións co Consello para pactar a formulación final da lexislación que substituirá o regulamento sobre vixilancia orzamentaria multilateral, o chamado «brazo preventivo do Pacto de Estabilidade e Crecemento».

## Obsesión redución débeda

Neste contexto, UGT advirte de que a obsesión pola redución da débeda obrigará aos gobernos a elixir entre investimentos e gasto social, con enormes consecuencias sociais e políticas, o que dará ás á extrema dereita.

Os membros da Eurocámara introduciron cambios substanciais respecto á proposta orixinal da Comisión e o acordo cos Estados membros tería que alcanzarse en cuestión de semanas se se quere que a reforma se aprobe antes das eleccións europeas de xuño.

Aínda que o acordo do Parlamento Europeo é mellor que a proposta da Comisión Europea, que o acordo alcanzado polo Consello da UE ou que volver ás vellas normas ou non ter ningunha norma en absoluto, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera esencial que se garantan unhas políticas fiscais que poñan especial énfase nos investimentos necesarios para a dobre transición, máis flexibilidade e máis credibilidade.

## Priorizar o gasto social, os servizos públicos e o investimento

O acordo do Parlamento Europeo establece elementos positivos como novos valores numéricos para definir a redución da débeda requirida e desviación dos plans de gasto para dar espazo ao investimento; dez anos adicionais para completar a redución do exceso de débeda; ou novas disposicións para asegurar a identificación nacional cos plans económicos.

## Momento crucial

Por todo iso, e, ante este momento crucial no devir do modelo europeo, o sindicato fai un chamamento a favor dunhas normas realistas e xustas e rexeita, por tanto, calquera tipo de acordo que afiance a austeridade, recree os mesmos

problemas que as normas de gobernanza económicas anteriores e dea prioridade á redución arbitraria da débeda sobre o gasto social, os servizos públicos e o tan necesario investimento, elementos esenciais para superar as múltiples crises ás que nos enfrontamos na actual conxuntura.

## A REFORMA FISCAL DA UE PODE CUSTAR 14.000 MILLÓNS DE EUROS A ESPAÑA

**Cuadro : Comparación entre los recortes necesarios cada año en un plan de austeridad de cuatro o siete años**

	PLAN A 4 AÑOS	PLAN A 7 AÑOS
FRANCIA	26.100 MILLONES	14.200 MILLONES
ITALIA	25.400 MILLONES	13.500 MILLONES
ESPAÑA	13.900 MILLONES	8.900 MILLONES
ALEMANIA	11.000 MILLONES	5.800 MILLONES
BÉLGICA	7.500 MILLONES	4.500 MILLONES
PAÍSES BAJOS	6.400 MILLONES	3.300 MILLONES
POLONIA	4.400 MILLONES	3.5000 MILLONES
RUMANIA	4.300 MILLONES	2.900 MILLONES
FINLANDIA	2.400 MILLONES	603 MILLONES
AUSTRIA	2.300 MILLONES	1.400 MILLONES

\*todas las cifras en €

Segundo os cálculos realizados pola Confederación Europea de Sindicatos (CES), poderíanse producir recortes en Francia por valor de 26.000 millóns de euros, en Italia por 25.000 millóns, en España por 14.000 millóns, en Alemaña por 11.000 millóns, en Bélxica por 8.000 millóns e nos Países Baixos por 6.000 millóns de euros, para cumprir os obxectivos de redución do déficit en catro anos.

Aínda que é verdade que os Estados membro poderán solicitar ampliar os recortes a un período de sete anos, é tamén certo que corren o risco de que sexa a cambio de compromisos de reformas económicas máis duras e contrarias aos dereitos e intereses das e os traballadores, tal e como se experimentou -con durísimos e inxustos recortes- durante a pasada dé-

cada.

Se neste momento Europa debería estar a investir nun futuro verde, sostible e xusto, é evidente que os plans para reintroducir a austeridade poden devolver á UE aos períodos máis escuros. Custa crer que os gobernos nacionais teñan asinado un plan que lles obrigará a facer recortes de gasto de máis de 100.000 millóns de euros nun só ano. Para UGT, resulta sorprendente, cando non indignante, que os gobernos decidisen volver permitir que o moi nefasto e ineficaz austericidio que supuxo aumento do paro, salarios máis baixos e peores condicións laborais, infrafinanciación dos servizos públicos e descentralización da negociación colectiva regrese á realidade cotiá da maioría social que compón a UE.